

FICHA TÉCNICA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
TERRAS DO NAVIA

Creación: ORDE do 7 de xullo de 2022 pola que se concede a protección nacional transitoria á indicación xeográfica protexida Terras do Navia (DOG núm. 138 do 20 de xullo de 2022). BOE núm. 179, do 27 de xullo de 2022.

Regulamentación: Inscrita como IXP mediante o Regulamento de execución (UE) 2023/337 da Comisión, do 8 de febreiro do 2023 (DOUE L 47/49 do 15.02.23). Documento único co Prego de condicións publicado no DOUE C397 do 17.10.2022.

URL do Prego de condicións: https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/vinos/pliego-condiciones-terras-do-navia-mayo_2022.pdf

Enderezo: Avda. do Camiño Francés, 10, baixo
Tel: 881 997 279
correo electrónico: agacal.certificacion@xunta.gal

Rexistros a 31 de decembro de 2024:


Superficie en produción:	4 ha.
Viticultores:	4
Industrias:	3

Volume de actividade no ano 2024:

Produción uva:	15.800 kg
Viño cualificado :	9.231 l
Valor económico estimado:	53.500 €

Zona amparada pola IXP Terras do Navia

Os viños amparados coa indicación xeográfica protexida Terras do Navia proceden exclusivamente dos terreos aptos para a produción de uva das seguintes parroquias do municipio da Fonsagrada: Cereixido, Lamas de Moreira, Monteseiro, San Martiño de Suarna, Vilabol de Suarna e Vilar da Cuiña; das seguintes parroquias do concello de Navia de Suarna: A Pobra de Navia, Barcia, Castañedo, Muñís, Mosteiro e A Ribeira; e a totalidade do concello de Nequeira de Muñiz.



Características dos viños da IXP Terras do Navia

Con carácter xeral, os viños obtidos son frescos e suaves en boca, limpos, brillantes e con aromas francos nos que se aprecian as características propias da materia prima da que proceden, con graduacións alcohólicas moderadas, con aromas florais e de froitas e, finalmente, con acidez ben equilibrada.

Os viños brancos son de cor amarela con tons verdosos; en fase olfactiva destaca a intensidade aromática a flores e a froita fresca madura; e en boca son estruturados, amplos e frescos, con toques cítricos.

Os viños tintos son de cor vermella con riberetes violáceos e con capa media alta; en fase olfativa destaca a froita madura (mouras, cereixas, érbedos e arandos); e en boca destacan os froitos vermellos cun lixeiro toque tánico final . Presentan un bo equilibrio entre o grao alcohólico e a acidez, o que permite o seu eventual envellecemento en barrica de madeira.

Variedades de uva da IXP Terras do Navia

Os viños elabóranse exclusivamente con uvas das seguintes variedades:

- **Variedades brancas:** Branco lexítimo, Albariño, Caíño Blanco, Godello, Loureira, Treixadura e Torrontés.
- **Variedades tintas:** Albarín Tinto, Mencía, Merenzao, Brancellao, Caíño Tinto e Loureiro Tinto.

